

Estimadas familias,

A Dirección do IES do Milladoiro e o Departamento de Orientación infórmanvos das actividades que, dende o plan de orientación, vanse a realizar a partir deste mes co alumnado de 2º de Bacharelato. Máis Información na web do centro “TITORÍAS E PAIS”: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesmilladoiro/taxonomy/term/132>

Actividades:

- Charlas informativas na aula (entre o 12 e o 29 de xaneiro) sobre as diferentes opcións académicas ao remate de 2º de Bacharelato e entrega de documentación.
- Posible visita a un centro de Formación Profesional segundo interese do alumnado.
- Entrevistas persoais da orientadora co alumnado e/ou familias que así o soliciten.
- Dentro do Programa Aponte (<http://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/>):
 - a) Visita á USC o xoves 04 de febreiro.
 - b) Charla da USC o martes 02 de febreiro ás 17:20 horas no salón de actos.
 - c) Charla da USC dirixida ás familias, pendente de confirmación, o martes 08 de marzo ás 19:00 horas no salón de actos do IES.

Se tedes algunha dúbida ou precisades de máis información podedes solicitar cita co titor/a ou a orientadora.

Un cordial saúdo,

Milladoiro, 12 de xaneiro de 2016

O DIRECTOR

Asdo: Víctor M. Santidrián Arias.